

**BASES PARA A CONVOCATORIA E SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL
TEMPORAL DUN EDUCADOR/A FAMILIAR PARA O CONCELLO DE
FORCAREI**

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases establecer os criterios para a selección, no prazo establecido nesta convocatoria, dun/ha **EDUCADOR/A FAMILIAR** para o Concello de Forcarei (Pontevedra).

A contratación encóntrase motivada pola necesidade temporal, de cubrir de maneira rápida e áxil o posto de **EDUCADOR /A FAMILIAR**, necesario para o correcto desenvolvemento das distintas actividades sociais e educativas do Concello de Forcarei. Trátase en definitiva, de cubrir necesidades urxentes e inaprazables derivadas dun sector, unha función e unha categoría profesional que se considera prioritaria e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais deste Concello, de acordo co previsto no artigo 19. 2º da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para 2018.

A motivación da convocatoria da selección estriba nas Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2020, onde se inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As bases publicaranse no Taboleiro de Edictos e na Páxina web do Concello de Forcarei: www.forcarei.net así como na sede electrónica: <https://forcarei.sedelectronica.gal/>



2.- CARACTERISTICAS DO POSTO DOS ASPIRANTES

A persoa seleccionada formalizará un contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada completa de luns a venres. O posto convocado terá carácter de persoal laboral temporal cunha duración de cinco meses e medio.

O sistema de selección será concurso–oposición.

O período de proba do contrato establece en quince días de conformidade co disposto no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

Transcorrido o período de proba sen que se producise o desestamento, o contrato terá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a.

As retribucións a percibir serán: 2.071,28 € brutos/ mes, incluídos os conceptos salariais e de Seguridade Social.

As funcións a realizar son as propias do posto.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro.

Ser maior de 18 anos e non superar a idade de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o normal desempeño do traballo para o servizo que se contrata.

Estar en posesión do Título Universitario de Grao/Diplomatura en Traballo Social, Educación social ou título de equivalente.. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse a súa homologación polo órgano competente.

Ter capacidade funcional para o desempeño da correspondentes funcións.





Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para ser contratado pola Administración.

Non estar incluído no Rexistro Central de delincuentes sexuais.

4.- PRESENTACION DE SOLICITUDES

As instancias dos aspirantes solicitando tomar parte no concurso oposición presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Forcarei, de 9 a 14,00 horas ou na forma prevista no Artigo 16.4 e 5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao modelo do **Anexo I** e deberán manifestar que reúnen todas e cada unhas das condicións que se esixen na na Base 3ª referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes; estas iran dirixidas á Alcaldesa do Concello de Forcarei acompañadas da seguinte documentación:

- 1.- Instancia, segundo modelo (**Anexo I**)
- 2.-Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento similar.
- 3.-Fotocopia compulsada da titulación requirida.
- 4.- En caso de acreditar experiencia laboral: certificado de servizos prestados, relacionados co posto de traballo obxecto da convocatoria, expedido pola entidade para a que se prestaran ditos servizos.
- 5.- En caso de presentar formación específica no posto de traballo a desempeñar, presentar copia dos títulos acreditativos, nos que conste o número de horas dos cursos e/ou seminarios realizados relacionados co posto a cubrir.
- 6.- En todo caso, o aspirante deberá acompañar unha relación detallada da experiencia alegada e unha relación da titulación aportada (**Anexo II**)

Os méritos non alegados ou alegados e non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.

Aqueles aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada a seguinte:

- a) Solicitalo de modo expreso no momento da solicitude concretando as adaptacións concretas que pretende.





- b) Achegar copia simple de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación de grao de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valora a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición a así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

O sistema de selección será concurso oposición.

Prazo de presentación de solicitudes será de **5 días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6.- TRIBUNAL CALIFICADOR

6.1 O Tribunal estará composto polos seguintes membros .

1 PRESIDENTE: M^a ELENA MAGARIÑOS DURAN, Traballadora Social do Concello de Forcarei, ou persoa en que delegue.

3 FUNCIONARIOS OU PERSOAL LABORAL:

MARTA CALDAS FARIÑAS, Traballadora Social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación Provincial de Pontevedra, ou persoa na que delegue.

■ M^a DOLORES CLEMENTE MARTINEZ: Educadora Familiar do Concello de A Estrada, ou persoa na que delegue.

■ SANTIAGO GARCIA TELMO: Educador Familiar do Concello de Ribadumia, ou persoa na que delegue.

1 SECRETARIO/A: CRISTINA REGENJO PEDREIRA, Traballadora Social do Concello Cerdedo-Cotobade.



A Presidenta da Corporación publicará a composición nominal do Tribunal.

6.2 Abstención e recusación : o membros do Tribunal deberán absterse de intervir, sendo notificado á Presidenta da Corporación, cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Así mesmo, segundo o artigo 24 da LRXSP, as persoas aspirantes poderán promover á recusación dos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no párrafo anterior.

7.- ADMISION DE ASPIRANTES

Esgotado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidenta da Corporación ditará a **resolución no prazo máximo de dous días hábiles**, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Dita resolución deberá publicarse no Taboleiro de Edictos do Concello de Forcarei así como na súa páxina Web: www.forcarei.net e na sede electrónica: <https://forcarei.sedelectronica.gal/> **senalando un prazo de dous días hábiles para a subsanación polos aspirantes das posibles deficiencias**. De non existir excluídos, dita relación considerárase definitiva. Dita relación será impugnabile en vía contencioso administrativa. Na mesma publicación da lista definitiva farase constar os membros do Tribunal, o período de tempos para concluír o concurso de méritos, así como o lugar e a hora en que había de realizarse o primeiro exercicio.

A participación nestas probas implica a aceptación das presentes Bases.

8.- PROBAS SELECTIVAS

Procedemento de selección: constará de dúas fases:

1. FASE DE OPOSICION

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:





- a) **Primeiro exercicio**, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, dun máximo de 36 preguntas con catro respostas alternativas baseadas no contido do **Anexo III**, sendo válida unha única resposta. Neste exercicio cada pregunta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e as preguntas non contestadas non se puntuarán.

O **tempo** máximo para a realización desta proba será de **sesenta minutos**. A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dezaioito (18) puntos. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación de nove (9) puntos terán a consideración de non aptas e quedarán excluídas do resto do proceso selectivo.

- b) **Segundo exercicio**, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico, podendo consistir en un ou varios supostos, establecidos polo Tribunal, e realizarase durante un período máximo de **dúas horas** relacionado coas materias do programa Anexo III. Deberá ser lido e defendido ante o Tribunal en sesión pública. Cualificarase entre 0 e 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para aprobar o exame.
- c) **Terceiro exercicio** sobre o coñecemento do **idioma galego**. Este exercicio será de carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles /as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación, o nivel de CELGA 4. Os participantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego pasando directamente á fase de concurso sen obter puntuación por este exercicio.

A proba consistirá nun exercicio escrito, tradución dun texto do castelán ao galego, a lección do Tribunal, baseado no enfoque comunicativo das funcións do posto, co requisito de nivel do Certificado de Lingua Galega CELGA 4. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de **30 minutos**.





A proba non sumará puntos, cualificarase con apto/a ou non apto/a. Aqueles aspirantes que non acaden a consideración de apto/a quedarán excluídos /as do proceso selectivo.

2.- FASE DE CONCURSO

Rematada a fase de oposición realizarase a fase de concurso. O Tribunal reunirse para valorar os méritos achegados unicamente por aqueles/as aspirantes que superaras a fase de oposición.

Esta fase en ningún caso terá carácter eliminatorio.

A valoración farase en base aos criterios de puntuación que se expoñen a continuación tendo unha **puntuación máxima de 5 puntos**.

A) FORMACION ACADEMICA Máximo 2 puntos

Valoraranse outras titulacións distintas da esixida como requisito para ser incluído/a na lista de reserva, segundo o seguinte baremo:

Por cada título universitario (diplomatura, licenciatura, grao, máster, postgrado) relacionado co posto de traballo**1,5 puntos**
Por cada título de formación profesional relacionado co posto.....**1 punto**
Por título de monitor de ocio e tempo libre**0,75 puntos**

Por cada curso ou seminario relacionados co posto de traballo e debidamente certificados por centros oficiais ou administracións públicas, con duración non inferior cada un deles a 10 horas :

- De 10 a 50 horas : 0,1 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,2 puntos
- De 101 a 300 horas: 0,3 puntos
- A partir de 301 horas: 0,5 puntos

No caso de ter unha duración inferior a 10 horas ou non especificar as horas de duración non se valorará

B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 3 puntos

Por cada mes ou fracción de 15 días prestando servizos na administración pública0,30 puntos.

Os períodos inferiores a quince días poderán valorarse de forma acumulativa.
Por cada mes ou fracción de 15 días prestando servizos programadas por empresas privadas, asociacións ou outras entidades similares0,30 puntos.





**Concello
de
Forcarei**

Tódolos méritos alegados, así como a documentación que os acredite, deberán posuírse antes de que remate o prazo de presentación de instancias e manterse durante o período de contratación .

A lista que conteña a valoración dos méritos farase pública no Taboleiro de Edictos do Concello de Forcarei e de forma complementaria na páxina Web do Concellos (www.forcarei.net), así como na sede electrónica, (<https://forcarei.sedelectronica.gal/>), unha vez celebrada a sesión de valoración polo Tribunal, tendo tres días hábiles, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas, tanto da fase de oposición como da fase de concurso.

9.- RELACION DE ASPIRANTES E PRESENTACION DE DOCUMENTACION

Unha vez finalizado o proceso de selección, o Tribunal no prazo máximo de dous días hábiles publicará, no Taboleiro de Edictos do Concello de Forcarei, así como na páxina web do mesmo e na Sede Electrónica, a relación de aspirantes por orde de puntuación, resultando seleccionada/o para o posto a persoa que obteña a puntuación mais alta, así mesmo elevarase proposta de contratación á Presidenta da Corporación.

Dita proposta terá un número de candidatos igual ao número de Educadores/ as Sociais a contratar e ademais unha proposta suficiente de candidatos na reserva con obxecto de que se proceda á contratación dos mesmos en caso de renuncia ou substitución da persoa contratada.

A Presidenta da Corporación procederá, por resolución a aprobar o orden definitivo de seleccionado o cal será contratado polo orden no que figuren en caso de renuncia ou substitución con condicións sinaladas previa presentación da documentación correspondente:

Fotocopia da tarxeta sanitaria

Certificación bancaria do número de conta

Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non teñan nacionalidade española deberán presentar ademais declaración xurada de non





**Concello
de
Forcarei**

estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso á función pública.

Aportar certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais, de acordo coa Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia artigo 1 número 8 apartado 5.

10.-INCIDENCIAS

O Tribunal de Cualificación queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten no proceso de selección e para adoptar os acordos necesarios para o bo proceder deste, en todo o no previsto nestas bases.

11.- RECURSOS

Contra a convocatoria destas probas, as presentes bases e os seus actos de aplicación poderán interpoñerse os recursos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- PROTECCION DE DATOS

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, informase aos participantes nesta convocatoria que seus datos persoais serán almacenados polo Concello de Forcarei, coa única finalidade de ter en conta súa candidatura para o posto afectado. Seus datos persoais, xunto coa súa valoración, poderán aparecer publicados no Taboleiro de Edictos do Concello, na Sede Electrónica e na páxina web do mesmo, coa finalidade de dar publicidade ao procedemento. Tendo a posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación, en relación cos seus datos persoais dirixíndose este Concello.

A documentación entregada para formar parte neste proceso poderá ser devolta previa petición por escrito da persoa interesada unha vez finalizado o proceso selectivo.





ANEXO I



Instancia Xeral

Datos do interesado

Tipo de persona NIF/CIF

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Xurídica)

Datos do representante

Tipo de persona NIF/CIF

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

(só se Poder de representación que ostenta = Estou adherido a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación

Email

Móbil

País

Provincia

Municipio

Núcleo diseminado

Código postal

Tipo Vía

Enderezo

Número / Km

Bloque

Escaleira

Planta

Porta

Extra

Expón / Solicita

Expón

Solicita





Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Forcarei
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Legitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección: https://forcarei.sedelectronica.gal/privacy

Firma

- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

Municipio

En

, o

Data

(dd/mm/aaaa)



ANEXO II: Valoración de méritos

Titulacións

Título ou Curso de Formación	Duración en horas (cando proceda)

Experiencia Laboral

Denominación do posto	Empresa ou Entidade contratante	Período de contratación (no caso de períodos inferiores a 15 de días especificar número de días)

En Forcarei, a de de 2020

ANEXO III: Temario

1.-PARTE COMUN

1. A Constitución Española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais
2. O municipio.Poboación e termo municipal. Organización e competencias.



3. Lei 39/2015, de 12 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-PARTE ESPECIFICA

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. O sistema galego de servizos sociais. Titulares do dereito de acceso. Dereitos e deberes das persoas usuarias. Entidades prestadoras de servizos sociais.

2. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social.

3. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

4. Competencias e funcións do /a educador/a familiar. Técnicas e instrumentos na educación familiar. Modelos de intervención, metodoloxía e avaliación.

5. Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista en intervención familiar.

6. A atención temperá, obxectivos, modelos de intervención, ámbito de actuación.

7. Proxectos socio-educativos: definición, elementos, xestión e estratexias.

8. Absentismo escolar: os conceptos de absentismo, desescolarización e abandono escolar. Protocolo de actuación para a prevención e o control de absentismo escolar en Galicia.


9. Relacións e intervención cos centros educativos dende a intervención familiar: menores con necesidades educativas especiais e recursos nos centros educativos.

10. Acoso escolar. Concepto. Causas. Perfil do agresor e da vítima. Intervención dende o servizo de educación e apoio familiar dos servizos comunitarios básicos. Programas e técnicas de intervención socio-educativa con menores en risco social.

11. Habilidades sociais del/de la educador/a para la intervención con familias en situación de risco social.

12. Igualdade de xénero. Prevención e educación contra a violencia de xénero. Os dereitos das vítimas de violencia.

13. Problemas de saúde relacionados coa adolescencia: alcohol e outras substancias.





**Concello
de
Forcarei**

14 A marxinación social e a inadaptación social. Conceptos. Clasificación. Causas. Colectivos mais afectados.

